

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 25 de setembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de planta baixa, alta e baixo cuberta sita na rúa San Eufasio, parcela 26, Polígono 522; para demolición de escaleiras metálicas provisionais e a súa substitución polas previstas en proxecto, no edificio con licenzas 394/58 e 689/60, sito en solo urbano, na rúa Armórica, número 58; para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural 52.2 Pedrafita-Pacios, Carrás, número 1, parroquia de Santa Comba; para a ampliación de soto e modificación de ocos de fachada do proxecto aprobado con licenza número 1240/12 para construción de vivenda unifamiliar illada, na rúa Bustelo, número 11, ruelleiro 7, Sector Sur B, Areeiras-Louzaneta, Polígono 1; para obras de conservación e mantemento, consistentes na colocación de lousa na cuberta, substitución de cheminea, canlóns e baixantes de zinc, no edificio sito en solo urbano na rúa Nova, número 37; para cambio de uso de planta baixa comercial a garaxe aparcadoiro en grao 1º - situación B, no edificio sito na rúa Rei Don García, números 79-81 e para a legalización de cambio de uso de dous locais de oficina a dúas vivenda no edificio con licenzas números 804/04, 1163/05 e 715/08, sito na rúa Humanista Rof Carballo, número 8.

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: de legalización de modificacións de aparcadoiro de uso público e execución de obras complementarias na rúa Ánxel Fole, número 11, sotos 1, 2 e 3 e de legalización de ampliación de semisoto en vivenda unifamiliar existente, construída coa licenza de obra número 1372/02, sita na parcela 193, polígono 110, lugar de Torrón, Fontao, Esperante.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	03/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	ZfGYsVPa1V3yFO3XmcjPEA==	PÁGINA 1/2



ZfGYsVPa1V3yFO3XmcjPEA==

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias para “Rampa de acceso a edificio y local de pública concurrencia en Poeta Cabanillas, 14, bajo”.

Tamén se acorda aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias Red de distribución para suministro de gas natural con MOP=16 bar a la empresa Ingapan, S.L.”.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

3. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras da autorización do uso en precario de locais da Casa Clara Campoamor de asociacións de interese social e apertura de convocatoria pública.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación para a aprobación de todos actos de trámite e resolutivos necesarios para a contratación das obras de rexeneración de pavimento en vial de acceso ao Polígono Industrial de o Ceao dende a Rolda Norte.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: ZfGYsVPa1V3yFO3XmcjPEA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	03/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	ZfGYsVPa1V3yFO3XmcjPEA==	PÁGINA 2/2


ZfGYsVPa1V3yFO3XmcjPEA==